

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 230523

EXPEDIENTE: 2023/G003/000711

De acordo co decreto da alcaldía núm. 850/2021 de data 1 de xullo de 2021, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto luns de cada mes ás 9:00 horas (nove da mañá). Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo da alcaldesa, poderá esta alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias, e sendo a festividade da patrona dos funcionarios o vindeiro luns día 22 de maio.

Enterada da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **23 DE MAIO DE 2023 (MARTES)**, ás **09:00 horas (nove da mañá)**, no **Salón de Plenos da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES - ORDINARIA núm. 2023/09, do 8 de maio de 2023
2.- LICENZAS DE OBRA. Expediente nº: 2023/U022/000019 Promotor: COMUNIDAD DE USUARIOS DE AUGAS DE GRIXOA Obra: " PROXECTO DE LEGALIZACIÓN DE TRAÍDA VECINAL DE AGUAS " Situación: Lg. Grixoa Licenza de obra nº: 23/23
3.- EXPEDIENTE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL Expediente Tedec: 2022/X999/000230 Reclamación de responsabilidade patrimonial de Javier Carlos Sánchez García, actuando en nome e representación de Zurich Insurance PLC España, e de José Manuel Martínez Pardiñas
4.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
5.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.
6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto :

MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ TORREIRA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2023/9 do 8 de maio de 2023, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 26/04/2023, rexistro de saída núm. 202300000001759/11-05-2023.

Esta resolución notificase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.
- O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa,

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada